

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de setembro de 2007**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1722).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión 3 de setembro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta

**2(1723).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/1738/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, do 21.08.07, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup>. Carmen Varela Figueroa. Expte. 3/1738/301.

**3.- DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN E ADDENDA-PRÓRRGA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE O SERGAS E O CONCELLO DE VIGO PARA REFORZO DA ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A DROGODEPENDENTES DA ZONA FRONTEIRIZA DE GALICIA-NORTE DE PORTUGAL. EXPTE. 25567/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director de CEDRO, do 18.09.07, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

*Con data 07/05/07, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e o Concello de Vigo subscribiron un convenio para o reforzo da atención sociosanitaria a drogodependentes da zona fronteiriza da comunidade de Galicia-Norte de Portugal, fixando como contraprestación a cantidade de 23.410,54€ e cunha vixencia desde o día seguinte da súa sinatura ata o 30/06/07.*

*Posteriormente e dado a curta vixencia deste convenio, con data 02/07/07, procedeuse a subscripción dunha addenda-prorroga, con unha vixencia desde o día 2 de xullo ata o 30 de novembro de 2007.*

*Para que se proceda ó ingreso da subvención precisase a probación correspondente.*

*Por todo isto, á Xunta de Goberno Local, propónselle a adopción do seguinte acordo:*

*“Ratificar a subscripción dun convenio de cooperación ente a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e o Concello de Vigo para o reforzo da atención sociosanitaria a drogodependentes da zona fronteiriza da comunidade de Galicia-Norte de Portugal, por un total de 23.410,54€.*

*Ratificar a addenda-prorroga a este convenio de cooperación, con vixencia desde o día 2 de xullo ata o 30 de novembro de 2007”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1724).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO PARA ORGANIZAR A “VOLTA A PONTEVEDRA JUNIOR DE CICLISMO” DENDE A AVDA. DE SAMIL, OS DÍAS 28 Ó 30 DE SETEMBRO. EXPTE. 7087/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.09.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ó Club Ciclista Ría de Vigo, a organizar os vindeiros 28, 29 e 30 de setembro a Volta a Pontevedra Junior de Ciclismo sendo a 1<sup>a</sup> etapa en Vigo, o día 28 con saída dende a Avda. De Samil (Verbum) ás 13.30 horas e chegada ás 16.11 horas á Avda de Samil ( Verbum).

**5(1725).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO DE VIGO PARA ORGANIZAR O “I CARREIRA CORRER E ANDAR, CIUDAD DE VIGO-MEMORIAL ANTONIO NIETO FIGUEROA (LERI)” O DÍA 14 DE OUTUBRO DENDE CITRÖEN HISPANIA. EXPTE. 7185/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.09.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Federación Galega de Atletismo en Vigo, a organizar o vindeiro 14 de outubro de 2007, a I Carreira Correr e Andar, Ciudad de Vigo-Memorial Antonio Nieto Figueroa (Leri), con a saída as 10.00 horas dende Citröen Hispania, pasando por Portanet, Fragoso, Pza.América, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, República Argentina, García Barbón, Porta do Sol, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Pza. América, Avda. Florida, Rotonda San Andrés Comesaña e con a chegada a Citröen Hispania.

**6(1726).- DEVOLUCIÓN DA AVAL A MONTEFERRO BIKE CLUB CONSTITUÍDO POLA ORGANIZACIÓN DO I TROFEO CONCELLO DE VIGO DE ESCOLAS BTT NO PARQUE DA BOUZA. EXPTE. 7126/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 11.09.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval do 1.200 €, imposto polo departamento de Montes, Parque se Xardíns a Monteferro Bike Club, para responder dos danos no parque da Bouza, con motivo da celebración do I Trofeo Concello de vigo de Escolas BTT o día 14 de xullo de 2007.

**7(1727).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS”. EXPTE.2325/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 5.09.07, o informe de fiscalización do 13.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 14.08.07, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de Música Populares de Vigo para o desenvolvemento do programa “Aulas de Música nas Bandas”.

2º.-Facultar ó Concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.-Autorizar un gasto por un importe total de 44.800 €, a favor FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, en concepto do estipulado no convenio con cargo

á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Animación Sociocultural para o vixente exercicio económico.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FEDERACION DE BANDAS DE MUSICA POPULARES DE VIGO PROGRAMA “AULAS DE MUSICA NAS BANDAS”*

Vigo, setembro de 2007

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. XESUS LÓPEZ CARREIRA, Concelleiro de Animación Sociocultural en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei, s/n, CP 36202; en adiante O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53; actuando en representación desta.*

*MANIFESTAN*

*Que o CONCELLO DE VIGO en colaboración coa FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións distintos barrios da cidade o longo de todo o ano; e a través da formación continua dos integrantes das nove bandas de música de Vigo.*

*Que a FEDERACIÓN DE BANDAS E MÚSICA POPULARES DE VIGO aglutina todas e cada unha das bandas de música da cidade de Vigo.*

*Que o Concello de Vigo en colaboración coa Federación de Bandas e Música Populares de Vigo pretende acadar dous obxectivos: a formación continúa dos integrantes das bandas de música en Vigo, e achegar deste xeito unha oferta musical de maior calidade ós cidadáns fomentando a creación de novos públicos.*

*Que dende o ano 2001-2002 vense desenvolvendo o programa “Aulas de Música nas Bandas” que é un programa exclusivo da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo.*

*A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, manexo de instrumentos musicais, e a practica dentro dunha colectividade. O programa está destinado ao público en xeral sen límite de idade.*

*A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social. Trátase polo tanto dunha subvención directa según o previsto no artigo 22.2 c da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*O reximen xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións e a seu Regulamento de desenvolvemento.*

*Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademáis ó previsto no art. 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no art. 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, e ós municipios galegos, no art. 80.2.n. da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.*

*Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes:*

## *CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a programación e o desenvolvemento do programa “Aulas de música nas bandas”.*

*SEGUNDA.- Os obxectivos, contidos, materias e actividades previstas no proxecto “Aulas de música nas bandas” están recollidas no programa adxunto a este convenio (anexo I).*

*O presuposto do proxecto presentado pola Federación de Bandas de Música Populares de Vigo ascenden a un importe de 56.000 euros con tódolos conceptos e impostos incluídos. (anexo II)*

*TERCEIRA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e gratuito. O límite de alumnos estará determinado polo número de prazas dispoñibles nos cursos ou grupos programados. Realizaráse ademáis intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa con obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.*

*Ao final do curso entregarán diplomas acreditativos do seu paso pola rede de escolas “Aulas de Música nas bandas”. Esta prevista tamén a distinción de alumnos destacados a través do outorgamento de becas para ampliar o seus estudos.*

*CUARTA.- As obrigas que asume a FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO son as seguintes:*

*1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado e que figuran como anexo I do presente convenio .*

*2.- Desenvolver os obxectivos e contidos de cada material según o estipulado no programa, o lugar previsto e á hora anunciada aos alumnos.*

*3.- Garantir instalacións e equipamentos axeitados ao proxecto. Dotar de material necesario e profesorado titulado co fin de acadar o obxetivos previstos no programa.*

*4.- Asumir tódolos seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.*

*6.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que poidan xerarse como consecuencia das actuacións dos alumnos.*

*7.- Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.*

*8.- Publicitar de xeito adecuado o programa que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador do programa AULAS DE MUSICA NAS BANDAS.*

9.- Realizar a programación segundo o proxecto e presuposto presentado e que figuran no anexo I e anexo II do presente convenio.

10.- Presentar unha memoria-avaliación do programa obxecto do convenio dentro dos dez días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:

- 1.Relación de cursos e actividades realizadas: entidades, profesorado, duración, etc
- 2.Contidos das material impartidas.
- 3.Número de alumnos participantes nas diferentes actividades.
- 4.Parte de incidencias.
- 5.Memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual.
- 6.Balance económico: relación de ingresos e gastos. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa.

11.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

QUINTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a Federación de Bandas de Musica Populares de Vigo e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SEXTA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e Federación de Bandas de Musica Populares de Vigo en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural segundo proceda, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

SÉTIMA.- O Concello de Vigo realizará unha aportación económica de 44.800 euros (coarenta e catro mil oitocentos euros) cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Animación Sociocultural a favor da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MUSICA POPULARES DE VIGO CIF G-36855906, unha vez rematada a execución do proxectos mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080 0128 11 0040003665

Para poder efectuar os pagamentos, a citada entidade presentará solicitude de pago e memoria das actividades correspondentes (segundo o estipulado na cláusula quinta apartado 10); unha vez recibida, os pagamentos tramitaranse polo departamento correspondente, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

OITAVA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007 e non será prorrogable.

NOVENA.- O Concelleiro de Animación Sociocultural quedan facultados para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

**8(1728).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS CONSTITUÍDO POLA ORGANIZACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA OFEITOAMAN. EXPTE.72977/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes, do 21.08.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval presentado en data 7 de decembro de 2006 pola ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS, con C.IF.G-15.128.275, por un importe de 900 €, para responder dos posibles danos con motivo da celebración da Feira de Artesanía OFEITOAMAN, dende o 13 de decembro ao 12 de xaneiro de 2006, na praza da Estación, por estar aboados os desperfectos que se causaran na praza da Estación.

**9(1729).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA LIMPEZA DEL NOROESTE S.A. POR IMPORTE DE 604.393,11 € POR SERVICIOS DE LIMPEZA NA CASA DO CONCELLO E OUTRAS DEPENDENCIAS. EXPTE. 18122/240.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

**10(1730).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA DE BURGOS TENREIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1000/243.DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. María de Burgos Tenreiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de marzo de 2006, no que expón que o día 14 de marzo de 2006, mentres camiñaba por un paso de peóns na rúa Bolivia, á altura do número 4, sufriu unha caída tras tropezar nunha focha cuberta de auga, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 14/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. de Burgos relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia da focha no lugar.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/04/2006, sobre o estado do lugar do accidente, indicando que o mesmo ocorreu nun rexistro de auga, cuxo mantemento compete á concesionaria U.T.E. Aqualia-FCC.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 14/06/2006.*

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 203,28 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 21/07/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 02/08/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*
- e)*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16*



de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que cando os axentes actuantes acudiron ó lugar a instancia da Sra. Burgos o accidente xa tiña acaecido e non presenciaron a caída, polo que non poden dar fe nin da súa realidade nin da causa da mesma, limitáronse a recoller o relato dos feitos da reclamante. Esta limitase a achegar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María de Burgos Tenreiro por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1731).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ PÉREZ FIGUEROA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1402/243. RESPONSABLE UTE CONTENUR S.L./OTTO INDUSTRIAL S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

A compañía aseguradora Allianz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. José Pérez Figueroa, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de decembro de 2006 no que expón que o día 23 de marzo de 2006, o vehículo de propiedade do Sr. Pérez, con

matrícula PO-5164-S, mentres circulaba pola rúa Tomás Alonso, esquina coa rúa Eugenio Fadrique, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó dito vehículo.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 23/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Pérez relátalles o accidente sufrido; igualmente, comprobán a existencia de danos no vehículo e dos colectores movidos.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 13/10/2006, indicando non teren máis constancia dos feitos reclamados que os que se reflicten no parte da Policía Local.
- Informe do Parque Móbil, de data 23/01/2007, comunicando que os prezos contidos na factura nº 030/2006, presentada polo reclamante, por un importe de 248,10 euros IVE incluído, son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 06/02/2007
- Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 22/02/2007.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións mais presenta documentación en data 23/04/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica e que a causa do choque foi o desprazamento polo vento do colector de lixo, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son subministrados por un concesionario, polo que é preciso

*deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.*

*En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, colectores subministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto lexislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:*

- a) No parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento do condutor do vehículo, consta como os colectores se atopaban fóra do lugar previsto, así como os danos na porta e aleta dereitas.*
- b) O servizo do Parque Móbil estima correcta a valoración dos danos en 284,10 euros.*

*Do anterior, resulta que sendo as condicións climatolóxicas adversas, sen que resulte acreditada non obstante ningunha causa de forza maior, os colectores foron desprazados por circunstancias da climatoloxía ata a calzada, ó non estaren debidamente freados, topando co vehículo que circulaba polo lugar, polo que é obvio que nos atopamos ante un dano que é consecuencia directa do funcionamento dun servizo público que o particular non ten a obriga xurídica de soportar, ó estaren os colectores deteriorados no seu sistema de freado.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adjudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.*

*Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, impoñen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel No mesmo senso pronunciase o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.*

*Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de respostar de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o*

contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación da aseguradora Allianz en nome e representación de D. José Pérez Figueroa.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Contenur S.L./ Otto Industrial S.A., concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rexe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo a dita empresa indemnizar ó Sr. Pérez na contía de 248,10 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(1732).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA ROQUE GÓMEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 366/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA/FCCSA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. María Roque Gómez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de decembro de 2005, no que expón que o día 14 de decembro de 2005, mentres camiñaba diante da Caixa de Aforros, sufriu unha caída por mor da arqueta dun sumidoiro.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 07/12/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Roque relátalles o accidente que sufrira; acto seguido a reclamante foi trasladada ó Hospital Meixoeiro.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 01/02/2006, sobre o mal estado do sumidoiro referido na reclamación, no que indican que a responsabilidade do seu mantemento é da concesionaria Aqualia.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.486,15 euros.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, en data 09/08/2007, que non formula alegacións.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 27/08/2007, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

- De conformidade co parte do servizo da Policía Local de data 07/12/2005 a reclamante caeu á altura do número 176 da rúa Urzáiz ó pisar unha boca de rego metálica que se atoapaba solta, observándoa no chan, sen que se puidese incorporar e recibindo asistencia médico en urxencias á súa consecuencia na mesma data, onde lle diagnostican lesións avaliadas no ditame médico solicitado ó efecto en 3.486*

euros. Se ben a solicitante identifica a data do acaecemento no mércores 14/12/2005 é evidente que se trata dun erro material tanto pola documentación que se cita, como pola data de presentación da solicitude anterior en 5 días á dita data.

- Do informe do servizo de Vías e Obras de data 26/01/2006, que o desperfecto na tapa de sumidoiro non era apreciábel mentres non se pisase enriba, e que ó facelo nun dos seus extremos a tapa sáese da súa caixa e se despraza.

Cuarto.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. María Roque Gómez.
- 2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de

*condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 3.486 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1733).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> MARÍA JESÚS BOTAS SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 999/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. María Jesús Botas Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de marzo de 2006, no que expón que o día 29 de marzo de 2006, mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, á altura do número 120, sufriu unha caída como consecuencia do mal estado da vía pública, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 29/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Botas relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán o desperfecto existente na beirarrúa.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/05/2006, que indica que o afundimento da beirarrúa foi producido por un fuga de auga e que a deficiencia foi resolta pola concesionaria Aqualia.*
- c) Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 19/06/2006.*
- d) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.700,94 euros.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 15/12/2006.*
- f) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 19/09/2006.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- Consonte co informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente, os feitos prodúcense no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado, no caso da súa acreditación e do nexo causal.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da



*infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Cuarto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

- a) O día 29/03/2006 a reclamante recibiu asistencia médica a consecuencia dunha caída na beirarrúa diante do portal do seu enderezo, lesións que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1.700,94 euros.*
- b) No expediente hai copia do parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar cando a reclamante era trasladada, en ambulancia ó Hospital Xeral, comprobando o mal estado das lousas no lugar.*
- c) Do informe do servizo de Vías e Obras do Concello, xunto co que se achegan fotografías do lugar, que os desperfectos no lugar ocupaban 2 x 2 m<sup>2</sup>, sendo visíbeis a 5 metros. Así mesmo, que o afundimento na beirarrúa foi producido por unha fuga de auga e que, unha vez avisada Aqualia, resolveu a deficiencia.*

*Ademais hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe de se ter en conta segundo a doutrina do Consello Consultivo de Galicia neste senso en ditame 291/2006 para un suposto similar, que é que a reclamante reside “a carón” do defecto estrutural da beirarrúa, concretamente a caída prodúcese ó saír da súa casa. Tiña que ser, polo tanto, coñecedora do mal estado da beirarrúa, que ademais ocupaba un amplo espazo e era visíbel para un viandante a 5 metros. Polo que consonte coa doutrina citada pódese dicir que soamente un despiste ou distracción puido propiciar a súa caída da que ademais non hai testemuñas no expediente, todo o que leva a concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal preciso, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e, polo tanto, non indemnizábel por esta Administración.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Jesús Botas Sánchez polos danos materiais ocasionados por unha suposta caída o día 29 de marzo de 2006 na Travesía de Vigo, á altura do número 120.”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1734).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1006/243. RESPONSABLE ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 12.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. Manuel Domínguez Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de abril de 2006, no que expón que o día 17 de marzo de 2006, o vehículo de súa propiedade, matrícula 8266-CTL, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., contratista do servizo de guindastre municipal, de data 18/04/2006.*
- b) Parte do servizo da Policía Local, de data 05/05/2006, no que o axente actuante manifesta que o guindastre rompeu o faldón da defensa dianteira do vehículo do Sr. Domínguez, ó intentar enganchalo.*
- c) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 21/06/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Rodovigo, S.L., presentado polo reclamante, por un valor de 332,72 euros son correctos.*
- d) Evacúase trámite de audiencia a Estacionamientos y Servicios, que formula alegacións en data 07/07/2006.*
- e) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 18/07/2006.*

##### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 1994, acordou adxudicar o servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública á empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., formalizándose o contrato en data 21 de setembro do mesmo ano. Este contrato tiña prevista unha duración inicial de cinco anos, segundo o previsto na cláusula II do prego de condicións económico-administrativas que rexeu a adxudicación, mais foi obxecto de prórroga, polo que se atopaba en vigor na data do accidente obxecto do presente procedemento.

Cuarto.- Consonte o establecido no artigo 97.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”. Neste senso, a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa contratista. Tras o exame do expediente, en especial dos informes emitidos pola empresa contratista, así como do parte de servizo da Policía Local de Vigo de data 05/05/2006, constátase que o vehículo do Sr. Domínguez sufriu danos ó ser retirado polo guindastre municipal da vía pública. O reclamante achega ó expediente factura de reparación por importe de 332,72 euros, que o servizo do Parque Móbil estima correcta en relación cos danos descritos no parte policial.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Domínguez Domínguez polos danos materiais sufridos no seu vehículo matrícula 8266-CTL.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Estacionamientos y Servicios, S.A., empresa adxudicataria do contrato de servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública, de

conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, a cal debe indemnizar ó reclamante na contía de 332,72 euros, correspondente o valor de reparación do seu vehículo”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(1735).- RECLAMACIÓN DE D. LUÍS ALONSO CASTRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1008/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 12.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Luis Alonso Castro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de abril de 2006, no que expón que o día 4 de decembro de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-9086-AT, pola avenida Santa Maria e, ó pasar por encima dun sumidoiro que non estaba axustado, este causou danos materiais ós baixos do vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 07/12/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Alonso relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobaban os danos producidos no vehículo e a tapa do sumidoiro que se atopaba fóra do seu lugar.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 11/05/2006, no que indican que na data de inspección a tapa do sumidoiro se atopaba en boas condicións e que o mantemento da mesma corresponde á concesionaria Aqualia.*
- c) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 06/06/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto nº 021 de Talleres Hermida, presentado polo reclamante, por un importe de 2.797,60 euros IVE incluído son correctos.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, en data 28/07/2006.*
- e) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 05/09/2006.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991. O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.*

*Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que cando os axentes actuantes acudiron ó lugar a instancia do Sr.*

*Alonso o accidente xa tiña acaecido, polo que non poden dar fe nin da súa realidade nin da causa do mesmo, limitáronse a recoller o relato dos feitos efectuado polo reclamante e a deixar constancia dos danos que presentaba o vehículo. O Sr. Alonso limitábase a achegar unha factura dun taller de reparación de vehículos, que proba que o seu vehículo na data da factura presentaba determinados danos, pero non demostran nin o lugar onde acaeceron nin a causa dos mesmos. Ademais, citado en forma o representante do mencionado taller para testificar sobre o importe da factura e a correspondencia dos danos reparados cos descritos no parte policial, este non compareceu. A vista destes datos a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.*

*En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Luís Alonso Castro por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(1736).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA ASUNCIÓN BAAMONDE RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1011/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 12.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. María Asunción Baamonde Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de abril de 2006, no que expón que o día 5 de abril de 2006, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-6325-AY, pola praza de Fernando el Católico, á altura da rúa Santo Domingo, sufriu danos materiais por culpa dunha pedra desprendida do chan, lanzada contra o seu parabrisas.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe do servizo da Policía Local, de data 04/05/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- b) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 06/06/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Cristal Vigo S.A., presentado polo reclamante, por un valor de 291,61 euros IVE incluído son correctos.*
- c) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/06/2006, no que indican que na data do informe o cascallo xa non existía e que este posibelmente fora arrastrado polas chuvias ó lugar do accidente.*
- d) Práctica de proba testifical en data 08/08/2006 ás testemuñas propostas pola reclamante.*

- e) *Informe do servizo de Limpeza, de data 29/08/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- f) *Evacuouse trámite de audiencia á reclamante en data 15/09/2006, que formula alegacións en data 02/10/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81 a da Lei 5/1997, de administración local de Galicia). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, dado que manifesta ter roto un cristal do seu vehículo ó saltar unha pedra da calzada, sendo así que a presenza de pedras no medio da calzada representa un perigo para a circulación.*

*Cuarto.- No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante,*

aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, e citou as testemuñas presenciais dos feitos propostas pola reclamante. No entanto, a Policía local non ten constancia do presunto accidente, resultando que as testemuñas acudiron ó lugar a instancia da Sra. Baamonde unha vez o accidente xa tiña acaecido, polo que non poden dar fe nin da súa realidade nin da causa do mesmo, so teñen constancia dos danos que presentaba o vehículo, pero non da súa causa. Á vista destes datos a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo da Sra. Baamonde rompeu un cristal, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. María Asunción Baamonde Rodríguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(1737).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CARMEN BARROS CARRERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1012/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*Dna. Carmen Barros Carrera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de abril de 2006, no que expón que o día 22 de setembro de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-6382-AZ, pola rúa Severino Cobas e, ó pasar por encima dun rexistro de augas fecais cuxa tapa estaba en mal estado, esta causou danos materiais ó vehículo, valorados en 177,57 euros.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 22/09/2005, no que os axentes actuantes manfiestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Barros relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobamos os danos producidos no vehículo e a tapa de rexistro en mal estado, dando aviso á empresa Aqualia para a súa urxente reparación.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/05/2006.*



- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 01/06/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 1473 de Talleres Ernesto, presentada pola reclamante, por un importe de 177,57 euros IVE incluído son correctos.
- Informe do servizo de Electromecánicos, de data 14/07/2006.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 25/10/2006.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 20/09/2006.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Tras o exame do expediente, en especial do parte de servizo da Policía Local de Vigo de data 22/09/2005, así como do informe evacuado pola concesionaria en trámite de audiencia recoñecendo que “nos seus arquivos consta unha actuación na rúa Severino Cobas nº 47 realizada o pasado día 22 de setembro de 2005. Dita actuación consistiu na substitución dunha tapa de rexistro de sumidoiro”. Dos danos achégase factura de reparación por importe de 177,57 euros, que o servizo do Parque Móbil estima correcta en relación cos danos descritos no parte policial.

Cuarto.- Consonte o artigo 123 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa as reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente produciuse debido a existencia dunha arqueta desprazada da súa ubicación orixinal, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle a concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Carmen Barros Carrera.
- 2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 348 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(1738).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ JAVIER MARTÍNEZ VALIÑAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1031/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. José Javier Martínez Valiñas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de abril de 2006, no que expón que o día 18 de abril de 2006, o vehículo de súa propiedade, matrícula OR-8327-T, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., concesionaria do servizo de guindastre municipal, de data 11/05/2006, no que indican non se faceren cargo dos danos unha vez que o conductor que remolcou o vehículo non acusara os ditos danos no mesmo.*
- b) Informe da Policía Local, de data 29/05/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- c) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 29/09/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº G/061229 de Hermanos Gregorio Gil S.L., presentada polo reclamante, por un valor de 30,08 euros son correctos.*
- d) Parte do servizo da Policía Local, de data 03/10/2006, no que o axente que interveu no traslado do vehículo pola grúa manifesta que descoñece que o mesmo se danase durante o dito traslado.*
- e) Evacúase trámite de audiencia a Estacionamientos y Servicios, en data 11/10/2006, que non formula alegacións.*
- f) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 15/11/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público,*

determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 1994, acordou adxudicar o servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública á empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., formalizándose o contrato en data 21 de setembro do mesmo ano. Este contrato tiña prevista unha duración inicial de cinco anos, segundo o previsto na cláusula II do prego de condicións económico-administrativas que rexeu a adxudicación, mais foi obxecto de prórroga, polo que se atopaba en vigor na data do accidente obxecto do presente procedemento.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos danos alegados, sendo así que tras a retirada do vehículo, o Sr. Martínez non chamou a Policía Local, polo que a Xefatura informa non ter constancia dos feitos denunciados, nin tampouco presentou o vehículo nas instalacións do servizo de parque móbil para que procedesen a examinar os danos. Por outra banda, o axente que acompañaba o condutor da grúa no traslado do vehículo manifesta descoñecer que este resultase danado nesta operación. O Sr. Martínez manifesta que ó retirar o vehículo do depósito municipal este ten unha barra colgando da roda dianteira dereita e a dirección asistida non funciona, feitos que denuncia na folla de autoliquidación da taxa para a retirada do vehículo do depósito municipal. Así mesmo, observa que ó poñelo en marcha non lle funcionan os freos, polo que ten que o levar ó taller de reparación máis próximo para que llo arranxen, pois resultaba perigosa a circulación nesas condicións. No entanto, non chamou unha grúa para transportar o vehículo. O reclamante como proba de tales feitos limitase a achegar unha factura de reparación na que consta a compra e instalación dunha correa de alternador, peza que non ten relación ningunha nin co sistema de freado nin coa dirección, que son os danos alegados, senón co sistema eléctrico do vehículo, polo que a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Javier Martínez Valiñas por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(1739).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. AITANA MARÍA OSORIO SAYANES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1023/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Aitana María Osorio Sayanes presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de abril de 2006, no que expón que o día 14 de abril de 2006, mentres camiñaba pola rúa Sanjurjo Badía, sufriu unha caída tras tropezar cunhas lousas da beirarrúa que se atopaban levantadas, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 14/04/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Osorio relátalles o accidente que tivera, sendo a continuación trasladada ó centro médico FREMAP; igualmente, comprobán a existencia de lousas da beirarrúa soltas, procedendo a sinalizalas.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/05/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando que a mesma víase afectada polas obras de construción dun edificio por parte da empresa Construcciones y Servicios O Gallo.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.991,33 euros.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 03/08/2006.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. No entanto, na data da caída, e segundo informa o servizo de vías e obras, en data 31 de maio de 2006, estábanse realizando obras de construción dun edificio na finca colindante coa beirarrúa. A licencia para a construción do devandito edificio foi concedida pola Xerencia Municipal de Urbanismo a favor de Promociones Vialmesa S.L. e as obras eran realizadas por Construcciones O Gallo S.L., empresa á que se lle outorgou autorización para a ocupación da vía pública polo prazo dun ano en data 5 de maio de 2005. Na cláusula 9ª das condicións xerais da autorización outorgada, establececese expresamente que “serán responsables os concesionarios, do perfecto estado de conservación dos pavimentos durante a execución das obras, sen que o feito da obriga de repoñelos os exima desta obriga”.

Resultando que as obras eran realizadas por un terceiro alleo ó Concello, non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Aitana María Osorio Sayanes por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó ser a obra causante dos

*supostos danos de titularidade dun terceiro alleo a esta Administración, polo que non existe relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(1740).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN ESTRUCTURAL DO VEHÍCULO PO-5793-O PARA DESTINALO A TRABALLOS NAS PRAIAS DO MUNICIPIO. EXPTE. 5066/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 24.09.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 12.09.07, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autorizar o gasto 44.000 euros euros para a prestación dos servizos de reparación estrutural do vehículo PO-5793-O que se imputarán á partida presupuestaria 1212.214.00.01 do vixente presuposto.

2º Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 13.08.2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de reparación estrutural do vehículo PO-5793-O.

3º Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

#### **21(1741).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA RESTAURANTE NO EDIFICIO DO MARCO. EXPTE. 1885/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 18.09.07, conformado polo concelleiro delegado de Cultural, o informe do titular da Asesoría Xurídica, do 20.09.07, e a proposta modificada do devantido xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 21.09.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Resolver por incumprimento do contratista coa perda da fianza definitiva prestada ó contrato da instalación e explotación dun restaurante-cafetería no MARCO outorgado entre o Concello de Vigo e a entidade LUBIANS TEJEDOR ASOCIADOS, S.L., o 3 de marzo de 2003.

Segundo.- Informar ó Padroado da Fundación MARCO que o uso privativo do inmovible xa foi cedido por acordo da xuna de Goberno Local de 16 de febreiro de 2004 e no mesmo contemplase os usos ós que poden ser detinados os diferentes espazos do edificio e que previamente á adxudicación dun novo contrato para o servizo de cafetería restaurante deberán obter do Concello o correspondente título que habilite a adscrición das instalacións e materiais deseñadas no Anexo do prego de condicións aprobado polo Pleno do Concello de 29 de abril de 2002 ó mesmo.

**22(1742).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA VIGOGALA S.L. PARA FACER FRONTE ÓS GASTOS CORRESPONDENTES Á ASISTENCIA TÉCNICA DA CONCELLERÍA DE TURISMO E COMERCIO PARA FEIRAS E ACCIÓNS PROMOCIONAIS NO PERÍODO DE XANEIRO A FEBREIRO DE 2007. EXPTE. 2148/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.09.07 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo, Comercio e Industria, do 10.07.07, conformado polo concelleiro de Turismo, Comercio e Industria, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa correspondentes á factura seguinte:

- N° documento 70031418, de VIGOGALA, S.L., data de Rexistro Xeral 14/03/07, CIF. B-36943645, polo concepto “Organización da asistencia técnica da Concellería de Turismo e Comercio ás feiras e accións promocionais no período de xaneiro a febreiro”, por importe de 3.984,6 euros, IVE incluído.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de VIGOGALA, S.L., CIF. B-36943645, con cargo á partida orzamentaria 7510.227.06.00 “Organización e loxística de feiras” do presuposto actualmente en vigor do servizo de Turismo e Comercio.

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor de VIGOGALA, S.L., CIF. B-36943645, por importe de 3.984,6 €.

**23(1743).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:**

a) RÚA GAMBOA N° 3, 1º-A. EXPTE. 331/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 29.09.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ GAMBOA 3, 1º, a Carolina Clavo Rivera con NIF. 36051777J das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Carolina Clavo Rivera a axuda proposta de 3.039,20 que será financiada polo Ministerio de Fomento en 1.519,60 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 1.519,60 euros.



TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

b) RÚA SIMANCAS Nº 2. EXPTE. 333/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 29.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en SIMANCAS (RUA) 002, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

| Nome e apelidos       | DNI/NIF    | Situación             | Presuposto Máx. Prot. | Presuposto Protexíbel | P.aceptado Consell viv. e solo | Axuda máx. | Axuda proposta € * | Min. Fom. | Consell. viv. e solo |
|-----------------------|------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|--------------------------------|------------|--------------------|-----------|----------------------|
| Carmen Perez Gonzalez | 35895596-W | SIMANCAS (RUA) 002 -0 | 6457,08               | 5903                  | 5903                           | 7000       | 1593,81            | 796,90    | 796,90               |
| Justo Rodal Perez     | 36035297-R | SIMANCAS (RUA) 002 -1 | 6457,08               | 5903                  | 5903                           | 7000       | 1593,81            | 796,90    | 796,90               |
| Carmen Perez Gonzalez | 35895596-W | SIMANCAS (RUA) 002 -2 | 6457,08               | 5903                  | 5903                           | 7000       | 1593,81            | 796,90    | 796,90               |
| Carmen Perez Gonzalez | 35895596-W | SIMANCAS (RUA) 002 -3 | 6457,08               | 5903                  | 5903                           | 7000       | 118,06             | 59,03     | 59,03                |
| Carmen Rodal Perez    | 36062049-G | SIMANCAS (RUA) 002 -4 | 6457,08               | 5903                  | 5903                           | 7000       | 118,06             | 59,03     | 59,03                |

|  |  |       |              |            |        |            |              |              |              |
|--|--|-------|--------------|------------|--------|------------|--------------|--------------|--------------|
|  |  | TOTAL | 32285,<br>40 | 29.51<br>5 | 29.515 | 35.00<br>0 | 5.017,5<br>2 | 2.508,7<br>6 | 2.508,7<br>6 |
|--|--|-------|--------------|------------|--------|------------|--------------|--------------|--------------|

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

c) RÚA CRUCEIRO VELLO Nº 3. EXPTE. 324/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 4.09.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PRAZA DE CRUCEIRO VELLO (RUA) 003, a Humberto González Martínez con NIF 36.021.881-V das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Humberto González Martínez, a axuda de 5770,49 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 2885,25 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 2885,24 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**24(1744).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE E CIDADE CENTRAL DE VIGO, E SUSPENSIÓN CAUTELAR DE LICENZAS. EXPTE. 10641/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola técnica de Admón. Xeral e a arquitecta municipal da Oficina de Barrios Históricos, o arquitecto municipal da Oficina de Planeamento e conformado pola xerente de Urbanismo, do 17.09.07, que di o seguinte:

Xunto envíase á Xunta de Goberno Local a fase de Avance do expediente do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE E CIDADE CENTRAL DE VIGO<sup>1</sup>, planeamento de iniciativa municipal redactado pola empresa CONSULTORA GALEGA S.L, e asinado polo equipo redactor dirixido polos arquitectos D. Juan Zumárraga Zunzunegui e D. Juan Carlos Portela Regodeseves con base ó contrato de asistencia técnica suscrito co Concello de Vigo o 10 de agosto de 2005 (expediente 8031/411).

## 1. FEITOS/ANTECEDENTES.

1.1. O Consello da Xerencia de Urbanismo de Vigo, en data 28 de novembro de 2002 acordou proceder á elaboración dun Plan Especial de Protección en substitución do actual “ Plan Especial y Catálogo complementario de Edificios, Conjuntos y Elementos e conservar en Vigo “, planeamento incorporado ao PXOU vixente coa ficha PECC I-12 .

1.2. O 13 de novembro de 2.004 aprobáronse polo Consello de Xerencia os pregos de prescripcóns técnicas e administrativas do contrato de asistencia técnica , e o 21 de xullo de 2.005 adxudicouse o concurso á empresa “Consultora Galega S.L.”, asinándose o contrato o 10 de agosto de 2.005.

1.3. O 4 de maio de 2006 o Consello de Xerencia acordou requirir á empresa Consultora Galega a presentación do informe previo de metodoloxía dos traballos previsto nos pregos de contratación, coa advertencia de incoación de expediente de resolución de contrato. O 8 de xullo de 2.006 cumprimentouse o requirimento coa presentación de dito informe de metodoloxía solicitado, manifestando a empresa consultora que os retrasos no cumprimento do contrato se deberon á concentración dos esforzos no Plan Xeral de Ordenación Municipal, planeamento indispensable que dará cobertura ao PEPECC, instrumento de desenvolvemento de aquel.

1.4. O 13 de agosto de 2.007 Consultora Galega S.L. presentou no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo a documentación da fase de Avance que é obxectodo presente Informe-proposta. Este documento correspóndese coa fase 2 prevista no Prego de prescripcóns técnicas do contrato.

## 2. OBXECTO.-

2.1. O obxectivo xeral do traballo é a redacción dun instrumento de planeamento que deberá posibilitar a recuperación urbana desta área da cidade, a conservación e rehabilitación do seu patrimonio construído e a preservación dos seus contidos funcionais e sociais.

2.2. O Plan do Ensanche desenvolve as determinacións e obxectivos previstos na revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM no sucesivo) aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004 e provisionalmente o 19 de maio de 2006, que prevé expresamente, na súa Ordenanza 2 de solo urbano, un réxime transitorio para o actual Plan Especial de edificios a conservar, e a necesidade de redacción e aprobación dun Plan Especial como instrumento de desenvolvemento para o tratamento integral e recuperación do centro de Vigo ( Plan do Ensanche) nun ámbito maior.

Así , o Plan especial do Ensanche se concibe coma unha revisión do Plan especial de edificios a conservar vixente (PEEC) aprobado definitivamente polo Concello-Pleno en data 25-10-90, así como a súa adaptación á Lei

---

<sup>1</sup> PEPECC, en adiante, ou ben Plan do Ensanche.

8/1995, do 30 de outubro de patrimonio cultural de Galicia, e co obxectivo de fixar as condicións de ordenación e protección axeitadas para o tratamento integral e recuperación do centro histórico.

2.3. Segundo artigo 3.2. do Prego de condicións técnicas, a fase 2 de Avance, que agora se presenta, debe integrar a información urbanística, o conxunto de datos, documentación e gráficos para o diagnóstico da situación existente e unha proposta de obxectivos e criterios xerais, o avance de normativa, do programa de actuación e do estudio económico-financieiro e proposta de suspensión de licencias, se é o caso, en determinadas zonas. O Prego indica, ademais, que o Avance será obxecto dun trámite de información pública.

### 3. CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

3.1. O ámbito xeográfico do Avance do PEPECC figura nos planos do Avance, e correspóndese co delimitado no PXOM en trámite, comprendendo dúas zonas independentes separadas entre sí por un tramo da Avenida das Camelias e Rúa Cachamuiña e a Praza do Rei que están incluídas no ámbito do Casco Vello.

A zona de maior dimensión, ao Leste, ten un perímetro cerrado que limita polo Norte coa zona de servizo portuario e transcorre polas rúas Montero Ríos, Concepción Arenal, Praza de Compostela, Arenal, U.A. Rosalía Castro<sup>1</sup>, García Barbón, Travesía de Escolas Públicas, Alfonso XIII, Padre María Aller, Estación, Urzaiz ata Praza de Fernando el Católico, Rúa Brasil, Vázquez Varela, Pizarro, Honduras, traseiras de Gran Vía, Venezuela, Placer, Baixada a Príncipe, Porta do Sol e Carral.

A segunda zona centrase na Rúa Pi y Margall entre os números 12 e 58, e 19 ao 79, e limita coas rúas Llorente, Angustias, Falperra, Cachamuiña, Camelias e Romil.

3.2. De acordo co especificado no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, vixente por aprobación definitiva do 29/04/93 (D.O.G. 10/05/93), os terreos obxecto deste traballo teñen a seguinte clasificación e cualificación de solo.

Clasificación de solo: SOLO URBANO

Cualificación de solo: Area remitida a planeamento especial, coa seguinte

#### FICHA DE AREA REMITIDA A PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR

DENOMINACION: PEEC I-12 Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar

SITUACION:

Planos: 16-23, 16-24, 17-24, 17-25

OBXECTIVOS DA REFORMA:

USO CARACTERÍSTICO:

TIPOLOXÍA CARACTERÍSTICA :

INTENSIDADES:

USO ORDENANZA SUPERFICIE EDIFICABILIDADE Vdas.

-----  
PEPRI CON APROBACIÓN DEFINITIVA : 25-1-90  
-----

*Nas mazás non incluídas no Plan Especial definitivamente aprobadas, e que figuran no ámbito delimitado nos planos do PXOU as características de ordenación detallaranse nun Estudio de Detalle que deberá axustarse ós criterios xerais do PEEC.*

*En desenvolvemento desta Ficha de características, procedeuse á incorporación ó ámbito dos cuarteiróns 66, 67, 95 e 96 mediante estudio de detalle aprobado definitivamente o 31 de agosto de 1.994.*

*O resto do ámbito ampliado pola revisión do PXOM en trámite, segundo Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia vixente é Solo Urbano, cualificado coa Ordenanza 1.1.B de edificación pechada.*

*3.3. Na revisión do PXOM en tramitación, aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004 e provisionalmente o 19 de maio de 2006, o ámbito deste Plan clasifícase como SOLO URBANO e inclúese dentro da Ordenanza 2 de Solo Urbano, denominada PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN AMBIENTAL que remite a ordenación a un Plan Especial de Protección e Reforma Interior, coa finalidade e obxectivo de establece-las condicións de Ordenación e Protección adecuadas para o Tratamento Integral e Recuperación do Centro de Vigo (Plan Especial do Ensanche).*

*En tanto non sexa desenvolvido e aprobado o Plan Especial do Ensanche o PXOM determina que a Ordenanza 2 será de aplicación en toda a Zona que o Plan Xeral delimita no plano de Solo Urbano Consolidado .*

*Dentro de dita Zona de Ordenanza os ámbitos que o PEEC tivese clasificado como Unidades de Actuación deberán desenvolverse nos termos fixados por dito Plan Especial, con independencia da categoría de solo urbano que lles corresponda por aplicación da Lei 9/2002 e o réxime transitorio que proceda.*

*Unha vez aprobado definitivamente, a regulación que estableza o Plan Especial do Ensanche substituirá a recollida no presente Capítulo, sen que a mesma poida considerarse como modificación do Plan Xeral.<sup>2</sup>*

#### **4. A DOCUMENTACIÓN DA FASE DE AVANCE.-**

*4.1. A documentación da fase 2 de Avance do Plan Especial do Ensanche e a cidade central de Vigo presentado o 14 de agosto de 2.007, contén os seguintes documentos:*

*Caixa denominada VOLUME 1: que comprende 2 tomos din A-3de Memorias:*

*-TOMO I:           MEMORIA  
                      SINOPSE HISTÓRICA  
                      ANALISE ZONAL E CARACTERIZACIÓN  
                      ESTRUCTURA PORTUARIA  
                      EVOLUCIÓN E MORFOLOXÍA URBANA  
                      PRESENTACIÓN FOTOGRÁFICA  
                      ESTUDIO DOCIODEMOGRÁFICO  
                      EQUIPAMENTOS*

---

<sup>2</sup> Art. 9.2.2 das Normas urbanísticas do PXOM en trámite, dicción literal

AMBIENTE  
PLANOS

-TOMO II: ESTUDIO DE MOBILIDADE  
SERVIZOS URBANOS  
PLANOS

Caixa denominada VOLUME 2: con 3 tomos din A-3de Memorias:

-TOMO III:  
ALZADOS  
BASES CARTOGRÁFICAS

-TOMO IV:  
FICHAS DE ESTADO E VALORACIÓN DA EDIFICACIÓN

A documentación presentouse en formato papel e en formato informático con estrutura de páxina web.

4.2. A Memoria fai unha recopilación de tódolos antecedentes e estudos informativos realizados ata o de agora no traballo de redacción deste plan.

Sobre a natureza xurídica do Plan e o encaixe legal indícase que deberá concretarse ao longo da tramitación, ben como Plan Especial de Protección que leva a cabo a ordenación detallada en Solo Urbano Consolidado, previsto no artigo 69 da LOUGA, ben como Plan Especial de Reforma Interior do artigo 70 da LOUGA ou, no seu caso, como Plan Especial de Protección dun BIC (ben de interese cultural-conxunto histórico) da Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia (arts. 45 e 46).

Como obxectivos e criterios xerais ademais dos principios rectores da política económica e social recollidos nos artigos 45 a 47 da Constitución recóllense os fixados no PXOM de revitalización e mellora da habitabilidade no centro urbano, o estudo do desenvolvemento dun Centro Comercial aberto, e a mellora na Catalogación e Protección do ámbito.

Concrétanse nunha serie de obxectivos de sustentabilidade, integrados no “Marco de actuación cara ao desenvolvemento sostible na Unidade Europeo” do ano 1.988, e que se resumen de seguido:

1. Reforzamento como ámbito principal de actividade comercial e espazo social representativo da cidade.
2. Inserción acaída do sistema viario, a mobilidade e o transporte.
3. Mantemento da diversidade de usos e multifuncionalidade espacial.
4. A preservación dos elementos senlleiros e representativos
5. A definición de estratexias de recuperación, mesmo como ARI (área de rehabilitación integral).
6. A diversificación económica das actividades e usos.
7. A mellora de servizos e infraestruturas e o incremento de dotacións.
8. A preservación e ampliación dos escasos espazos libres de uso público, arborados e vexetación.
9. O fomento da sustentabilidade, o aforro de recursos escasos e non renovables.
10. Priorizar actuacións de reurbanización.
11. Manter a identidade espacial sen perder as peculiaridades zonais, como un gran área de esparcemento público.
12. Definir unha estrutura que promova cohesión e integración social.
13. Medidas de centralidade, que contribúan ao liderazgo de Vigo na Eurorrexión e no Arco Atlántico.
14. Integración da normativa do PEPECC no novo marco xurídico urbanístico, patrimonial e ambiental.

*A análise zonal do ámbito lévase a cabo por las seguintes zonas:*

- ZONA 1: PRÍNCIPE*
- ZONA 2: MARQUÉS DE VALLADARES*
- ZONA 3: ECUADOR*
- ZONA 4: CASABLANCA*
- ZONA 5: CHURRUCA*
- ZONA 6: AREAL*
- ZONA 7: ROMIL*
- ZONA 8: GARCÍA OLLOQUI / ALAMEDA*

*En cada unha destas zonas delimitadas estúdase a súa relación cos sistemas urbanos, a súa evolución histórica, morfoloxía urbana, edificacións singulares, conxuntos, coa súa: descrición tipolóxica, parcelario, estado do conxunto urbano, espazos públicos: sistema viario, estancias, mobilidade, escena urbana e funcionalidade.*

*A Memoria desemboca nunha primeira DIAGNOSE GLOBAL do ámbito.  
A diagnose xeral, analítica e valorativa, parte dunhas primeiras impresións relativas á:*

- Sentimento de enorme perda do Patrimonio Cultural nos últimos tempos.*
- Presenza de grande Patrimonio por aínda preservar.*
- Recoñecemento de imaxe identitaria do Centro Histórico de Vigo.*

*O carácter residencial do tecido urbano, e a súa importante centralidade, faino contedor de actuacións estratéxicas de bordo no seu contacto co Porto e co Ferrocarril, xunto con procesos xa iniciados de recuperación de espazos para os cidadáns e procesos de humanización.*

*A análise da situación en canto a accesibilidade, transporte público e tráfico, fai referencia ao Estudio de mobilidade realizado cara á aportación de propostas na rede viaria e os espazos públicos, considerando a modo de actuacións principais as seguintes propostas:*

- Consideración dunha reestructuración viaria tipo bulevares nas rúas Rosalía de Castro e Venezuela.*
- Reforzar o eixo de comunicación viaria principal sobre as rúas do corredor Policarpo sanz-Elduayen-García Barbón.*
- As conexións de saída da rúa Simón Bolívar (sobre todo polo norte cara a María Berdiales e Hernán Cortés) precisarán de actuacións de reestructuración para evitar o seu carácter residual.*

*No tocante a dotacións detéctase unha baixa proporción de equipamentos no ámbito, pero tamén unha escasa marxe de maniobrabilidade dada a consolidación e abigarramento da trama. Non obstante apúntanse algunhas posibilidades e primeiras propostas de emprazamentos de novos equipamento.*

*As primeiras propostas, (que se reflecten nun plano esquemático ao final da Memoria) en síntese, comprenden:*

- 1. ACTUACIONES ESPECIFICAS EN VIVENDAS ( Recualificación de zonas que, a modo de exemplo se citan como Ecuador-Fisterra-Manuel Núñez, García Barbón-Alfonso XIII, Travesía Escolas Públicas-Rúa Placer ou Martín Códax-Irmandiños.)*

2. *INTERVENCIÓN EN TECIDOS URBANOS COMPLEXOS ( Recualificacións, transicións espaciais, miradoiros e melloras de accesibilidade en Zonas de bordo de García Barbón, saída do AVE e AP-9, contacto co Casco vello Paseo de Granada, Placer e Venezuela, zona de Beiramar).*
3. *ZONAS EXTRATÉXICAS (zonas de oportunidade en contacto co Porto e a estación de ferrocarril).*
4. *ESPAZOS PÚBLICOS ( Recualificación funcional, itinerarios peatonais, estudio de escaleiras, mobiliario, paseos arborados , valoración de conxuntos).*
5. *MOBILIDADE E TRÁFICO (Realización dun Estudo de Tráfico, reestructuración viaria con bulevar en Rosalía Castro e Venezuela, Eixo de transporte público Policarpo Sanz-Elduayen- Paseo de Alfonso, saída Rúa Simón Bolívar-Hernán Cortés, Estudio de aparcamentos-Marqués de Alcedo.)*
6. *DOTACIÓNS ( Oportunidade de encaixe de dotacións públicas en parcelas como Cluny, Servas de Xesús, ou castelo de San Sebastián , actuacións puntuais, zonas de bordo, couzaa Placer-Progreso-Doctor Cadaval-López de Neira).*
7. *PROTECCIÓN PATRIMONIAL (Valoración arquitectónica, urbanística, histórica, condicións de contorno e conxunto, Aparcamentos disuasorios que eviten baleirados completos de edificios).*
8. *ASPECTOS ECONÓMICOS E DE ACTIVIDADE (Potenciación de actividade económica sen desequilibrios, Recuperación da capacidade de decisión sobre os usos, Necesidade de estudos sectoriais específicos).*

*Inclúense tamén propostas concretas respecto de Mobilidade e servizos urbanísticos de abastecemento, saneamento e xardinería e rego. Finalmente a Memoria efectúa unha valoración sobre a necesidade dunha suspensión cautelar de licenzas e uns primeiros criterios para a redacción da normativa, e a elaboración do catálogo, do estudo económico e financeiro e o Programa de actuación..*

*4.3. No tomo II ESTUDIO DE MOBILIDADE analízase a evolución histórico do trazado urbano, o espazo público, a xerarquización da rede viaria, tanto dende punto de vista transversal como dende o funcional, caracterización do viario, incluíndo unha análise sobre o estado xeral da urbanización, a mobilidade en transporte público ( autobús e taxi), concluíndo na necesidade de certos obxectivos: programa de mobilidade que fomenta o transporte público, innovación do tráfico rodado, plan de circulación, especialización da funcionalidade do viario. Para deben completarse programas piloto de reordenación da circulación rodada, reserva de corredores de transporte público, extensión de percorridos peonís e carrís de bici.*

*4.4. No documento de información sobre SERVICIOS URBANOS inclúese a información e diagnose das redes de abastecemento, saneamento, electricidade, telecomunicacións, alumeadado público, recollida de residuos, xardinería e rego. Acompáñase de planos de xerarquización da rede viaria, caracterización de espazos libres e do rúeiri, regulación da circulación rodada, transporte público, aparcamento público e privado, incluíndo zonas de carga e descarga, planos das redes existentes ,e das actuacións de humanización recentes e proxectos en curso,sobre actuacións en espazos públicos, reordenación de tráfico e redes de abastecemento e saneamento proxectadas*



4.5. O Tomo III de Planos contén as BASES CARTOGRÁFICAS coa cartografía base do estado actual a escala 1/1.000, os planos de ALZADOS como fotoalzados ( deberán incluírse los levantamentos en formato DWG na próxima documentación, segundo esixe o Prego de Condicións), e os planos de información coas fotografías do estado actual dos edificios con frente ás rúas perimetrais dos cuarteiróns indicando a súa referencia catastral.

4.6. O Tomo IV contén as fichas de estado e valoración da edificación , incluíndo datos de superficie, ocupación, estado, modificacións do edificio orixinal, fachadas e fases, existencia de elementos e interese, e observacións.

4.7. En definitiva pode concluirse en que os documentos informativos complementarios da Memoria permiten ter un primeiro coñecemento suficiente no que substentar o diagnóstico e as primeiras propostas que se formulan. Así mesmos, os traballos presentados teñen un grao de definición e desenvolvemento suficiente , o que permite formular criterios, obxectivos e solucións xerais de planeamento , como require o Regulamento de Planeamento da Lei estatal (RD 2159/78).

#### 5. ASPECTOS A COMPLETAR NA DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL.-

Segundo o disposto no Prego de Condicións Técnicas do Contrato de asistencia técnica e a lexislación urbanística, os servizos técnicos municipais recomendan que no documento que se redacte para a aprobación inicial deste plan, se teñan en conta os seguintes aspectos:

- Análise das afeccións de Planeamiento e lexislación:  
Estudio do “ Plan Especial y Catálogo Complementario de Edificios, Conjuntos y Elementos a conservar en Vigo.  
Incidencia da Ley 8/2007, de 28 de mayo, de Suelo del estado.  
Normativa sectorial de aplicación.  
Declaración ARI.
- Análise zonal e proposta  
Falta a inclusión dun plano delimitando as zonas, co nome que se inclúe nos planos de caracterización.
- Estructura da propiedade do solo
- Actividades urbanas: Actividades productivas.
- Estudio das consecuencias sociais e económicas da execución do plan, medidas de realoxo (art.83.4. do R.P.).
- Cadros xerais de medicións de superficies e edificabilidades no planeamento vixente e na propossta..
- Ambiente urbano: Catalogación elementos vexetais, mobiliario urbano.
- Planos de planta a escala mínima 1/500 do estado actual dos terrenos.
- Planos de alzados a escala 1/200.
- Espacios libres- Pax 3- Aclaración dos parámetros aplicados no cómputo de zonas libres- parece que se contabilizan as calzadas e os aparcamentos.
- Estudio xustificativo dos elementos catalogados segundo o PEEC vixente que no seu caso non se inclúan na nova catalogación.

#### 6.- TRAMITACIÓN

6. 1 O avance do PEPECC trata de fixar bases axeitadas para facilitar a tramitación do Plan. De conformidade co previsto no art 84.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de protección do medio rural de Galicia “...poderá formularse potestativamente un avance do plan que sirva de orientación a súa redacción, no que se conteña a estratexia, as directrices e os obxectivos xerais do plan.

A súa tramitación ven regulada no citado artigo, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación, polo que:

- Tomado coñecemento do avance abrirase un período de información pública alomenos polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, durante o cal as entidades e os particulares poderán suxerir o que consideren oportuno e presentar propostas e convenios urbanísticos que xulguen convintes.  
Suxerimos que o PEPECC se difunda o mais amplamente posible entre os colectivos representativos da cidadanía e se establezan os canles de comunicación e coordinación entre as concellarías municipais e consellerías da Xunta de Galicia, para que o proceso de participación pública na redacción do planeamento sexa o mais amplo posible, facendo así efectiva a esixencia constitucional de participación cidadá no aspecto do futuro modelo urbanístico da centralidade e o seu desenvolvemento . Consideramos tamén que se debe difundir o contido do avance a través da páxina web do Concello, en consonancia co disposto no artigo 11.3 da lei 8/2007, de 28 de maio, do solo.
- Segundo previsións do artigo 7.2 da Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral, a redactora do PEPECC presentou a “documentación de inicio” na que se inclúen os aspectos recollidos no art 18 da Lei estatal 9/2006, co fin de que o órgano mediambiental decida se o Plan especial do Ensanche debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica, polo que xunto coa tramitación do avance farase a consulta á Consellería de Medio ambiente da Xunta de Galicia.

## 6.2 Competencia.-

Como queira que se suxire se suspenda o outorgamento de licenzas, o órgano competente para adoptar o acto de trámite de toma de coñecemento do avance e suspensión cautelar de licenzas é a Xunta de goberno local, de conformidade co previsto no art 127.1 letra “c” das Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, na súa redacción por Lei 57/2003.

Segundo resolución do sr. alcalde do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de goberno local de 16 de xullo de 2007, conrespóndelle ó concelleiro delegado de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, un “previo informe” do planeamento do Cascos históricos.

## 7.- SUXERENCIAS

### 7.1 Suspensión de licenzas

O avance do Plan especial evidencia unha serie de estratexias tanto dende o punto de vista do parque edificatorio coma do tratamento dos espazos libres, rúas, zonas verdes que moitos casos se verían frustradas de se permitir as derrubas, reedificacións e novas construcións. Nestes supostos a Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 77 permite que os órganos competentes para a aprobación inicial, acorden a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición, suspensión que presenta distinta finalidade á operada coa tramitación do PXOM.

Esta suspensión extinguiríase no prazo dun ano. Se no prazo dun ano que dura a suspensión cautelar, se produce o acordo de aprobación inicial, a suspensión manterase para as áreas nas que as novas determinacións de planeamento supoñan modificación da ordenación urbanística.

No apartado 6 da Memoria do Avance que se informa o equipo redactor efectúa unha primeira valoración sobre a conveniencia e oportunidade dunha suspensión de licencias neste ámbito . Considérase que, en calquera caso, e

se non se decide a aplicación de suspensión de licenzas, co presente Avance pódense aportar solucións intermedias de control sobre as actuacións concretas que se poidan plantexar sobre edificacións que se consideren obxecto de medidas precautorias de protección.

Os servizos técnicos municipais consideran necesario establecer medidas de control, que eviten actuacións que poñan en risco de desvirtuación, ou mesmo de desaparición, elementos patrimoniais de interese susceptibles de seren catalogados ou declarados ben de interese cultural, sen que, por outra banda, podan supoñer unha paralización xeralizada de calquera actividade inmobiliaria razoable ou necesaria.

A tal efecto debe matizarse que se ben en canto ao alcance territorial estas medidas deberían extenderse á totalidade do ámbito de plan do ensanche, tanto edificios como espazos valeiros, en canto ao alcance obxectivo debería referirse exclusivamente a aquel tipo de obras que poideran menosprezar os valores susceptibles de protección e supoñer tanto a desaparición total, como parcial (reestructuración xeral).

Por esta razón propónse unha suspensión facultativa de licenzas referida únicamente ás obras de demolición total ou parcial, reestructuración xeral, ou vaciado interior dos edificios incluídos no ámbito do PEPECC.

## 7.2 Declaración de ben de interese cultural

Xunto coa tramitación deste expediente recoméndase que por parte do equipo redactor (sen prexuízo das modificacións contractuales que sexan necesarias) se proceda á elaboración da documentación necesaria para solicitar a declaración de todo o ámbito do PEPECC como conxunto histórico-artístico, dos referenciados no artigo 8.4 b) da Lei 8/95, de patrimonio cultural de Galicia, dirixíndose, en tal senso á Consellería de Cultura, segundo disposto no Decreto 430/91 de 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de Bens de Interese Cultural de Galicia, ou no seu defecto catalogue tódos los bens do ámbito que merezan tal consideración segundo procedemento definido no capítulo II do título I da Lei de patrimonio cultural.

## CONCLUSIÓN

O presente Plan especial de protección do ensanche e cidade central de Vigo, na súa formulación actual como avance realízase co fin de, logo da toma de coñecemento pola Xunta de goberno local a proposta do Consello de Xerencia Municipal de Urbanismo e mediante a súa exposición ó público, recabar das distintas entidades e particulares as suxerencias que estimen oportunas, así como as propostas e convenios urbanísticos que consideren procedentes, sen prexuízo de que este inicio obrigue a formular o proceso de avaliación ambiental estratéxica

Por todo o exposto, de conformidade cos artigos antes citados da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral, Lei de patrimonio cultural de Galicia, e 2.2.a 8.a) dos estatutos polos que se rexe esta Xerencia Municipal de Urbanismo, PROPÓNSE ó Consello da Xerencia municipal de urbanismo, eleve á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento do avance do Plan especial de protección do ensanche e cidade central de Vigo (Expte. nº 10641.411), de iniciativa municipal, redactado pola entidade mercantil “Consultora Galega SL” con data de agosto de 2007, así como das suxerencias formuladas ó mesmo pola Oficinas de Planeamento e Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo, expresadas na parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Somete-lo expediente a información pública, polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no DOG, nun dos xornáis de maior circulación da provincia e na páxina web do Concello, a fin de que, polas

*distintas entidades e particulares, se poidan formula-las suxerencias que estimen oportunas e presentar propostas e convenios urbanísticos que estimen procedentes.*

*Terceiro.- Acorda-la suspensión do procedemento de outorgamento de licencias de obras de demolición total ou parcial, de reestructuración xeral e de vaciado interior dos edificios existentes incluídos no ámbito do PEPECC, co fin de estudar a formación do plan e a súa catalogación, de acordo co disposto no artigo 77.1 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na súa redacción por Lei 15/2004 . Esta suspensión extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano. Se dentro dese prazo se producise acordo de aprobación inicial, a suspensión manterase para as áreas nas cales as novas determinacións de planeamento supoñan modificación da ordenación urbanística.*

*Cuarto.- Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia comunicando o inicio da redacción do Plan Especial do Ensanche aos efectos do disposto no artigo 18 Ley 9/2006 e no artigo 7.2 da Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral, acompañando dita solicitude do documento de inicio redactado polo equipo redactor do Plan do Ensanche, Consultora Galega S.L, presentado o día 14 de setembro de 2007.*

*Quinto.- Inicia-lo expediente de incoación de todo o ámbito do PEPECC como conxunto histórico-artístico, dos referenciados no artigo 8.4 b) da lei 8/95 de 13 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, dirixíndose, en tal senso á Consellería de Cultura.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta, suprimindo e o apartado 7.2. da parte de suxerencias que consta na parte expositiva do informe e o punto quinto da proposta, quedando o acordo redactado do seguinte xeito:

*Primeiro.- Tomar coñecemento do avance do Plan especial de protección do ensanche e cidade central de Vigo (Expte. nº 10641.411), de iniciativa municipal, redactado pola entidade mercantil “Consultora Galega SL” con data de agosto de 2007, así como das suxerencias formuladas ó mesmo pola Oficinas de Planeamiento e Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo, expresadas na parte expositiva do presente acordo (suprimíndose o apartado 7.2 das mesmas).*

*Segundo.- Somete-lo expediente a información pública, polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia e na páxina web do Concello, a fin de que, polas distintas entidades e particulares, se poidan formula-las suxerencias que estimen oportunas e presentar propostas e convenios urbanísticos que estimen procedentes.*

*Terceiro.- Acorda-la suspensión do procedemento de outorgamento de licencias de obras de demolición total ou parcial, de reestructuración xeral e de vaciado interior dos edificios existentes incluídos no ámbito do PEPECC, co fin de estudar a formación do plan e a súa catalogación, de acordo co disposto no artigo 77.1 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na súa redacción por Lei 15/2004 . Esta suspensión extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano. Se dentro dese prazo se producise acordo de aprobación inicial, a suspensión manterase para as áreas nas cales as novas determinacións de planeamento supoñan modificación da ordenación urbanística.*

Cuarto.- Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia comunicando o inicio da redacción do Plan Especial do Ensanche aos efectos do disposto no artigo 18 Ley 9/2006 e no artigo 7.2 da Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral, acompañando dita solicitude do documento de inicio redactado polo equipo redactor do Plan do Ensanche, Consultora Galega S.L, presentado o día 14 de setembro de 2007.

**25(1745).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A EXCONSA S.L. POLO PERMISO DE CIRCULACIÓN DE CAMIÓN Á RÚA JOAQUÍN LORIGA, 18. EXPTE. 53332/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, do 10.09.07, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 21 de febreiro de 2005 a Policía Local achega oficio a iste servicio de Vías e Obras, con número de referencia 1280/2005, onde nos solicita informe, previo a concesión da autorización do permiso de circulación, do peso máximo autorizado e demais requisitos para acceder a a r/ Joaquín Loriga, 18 con camiós de ata 26 tm., para obras de derruba e construción edificio. Licencias números 49100/421 e 40597/241. Informado por iste servicio con data 22-02-2005, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (20.000 € - vinte mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200500005376 de data 23-02-2005, aval do Banco Gallego-sucursal de Vigo.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 10-07-2007 e número de documento 70080775, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 07-09-2007, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (20.000 € – vinte mil euros), a favor de EXCONSA, S.L*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(1746).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A PHIXIUS REFORMAS S.L. POR PERMISO DE VALLA DE OBRA NA RÚA PRÍNCIPE 45. EXPTE. 27001/511.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, do 11.09.07, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 23 de agosto de 2007, autorizouse a PHIXIUS REFORMAS, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de 6 m2. na r/ Príncipe, 45 con número de expediente-53349/250, para obras de adaptación interior dun local con licencia número 56133/421. Constituindo unha fianza de (3.000 € - tres mil euros), polos posibles danos no pavimento, con número de mandamento de ingreso 200700049198 de data 23 de agosto de 2007.*

*Solicitada a Baixa da ocupación da vía pública e a devolución da fianza, unha vez rematadas as obras, con número de documento 70096772 con data de entrada no rexistro xeral de 30 de agosto de 2007.*

*Na inspección feita con data 11 de setembro de 2007, que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (3.000 € - tres mil euros), a favor de PHIXIUS REFORMAS, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **27(1747).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 17560/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente,dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, de data 21.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*1. En instrucción do servizo de data 20 de setembro do 2007 o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou á Unidade de Persoal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local unha proposta de modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, concretadas en:*

*-Cambio de adscripción do posto de traballo denominado “coordinador do Servizo de Benestar Social” (código 060) existente no Servizo 301-Benestar Social, readscribíndoo ao Servizo 332-Educación, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.*

*-Cambio de adscripción do posto de traballo denominado ”técnico medio de educación” (código 045) existente no Servizo 332-Educación, readscribíndoo ao Servizo 015-Comercio e Turismo, cambiando asimesmo a denominación do mesmo pola de “técnico medio de admón. especial”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.*

*-Cambio de adscripción dun posto de traballo denominado "técnico de xestión" (código 179) existente no Servizo 140-Intervención, readscribíndoo ao Servizo 329-Animación sociocultural, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.*

*Igualmente, na mesma Instrucción se propón a encomenda de funcións de xefe do servizo de Educación e supervisión do Organismo Autónomo Municipal "Escola de Artes e Oficios" ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, deixando sen efecto a encomenda de funcións de dirección do dito organismo efectuada ao funcionario D. Jacinto Martín Barreras por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2006 e de todas aquelas outras que puidesen ter sido autorizadas na Área de Educación.*

*Dispónse igualmente a encomenda de funcións correspondentes á xefatura do Servizo de Turismo á funcionaria D<sup>a</sup> Pilar Díaz de Bustamante, con DNI 33.214.076Y e nº de persoal 14568, e igualmente a encomenda de funcións correspondentes á xefatura do Servizo de Animación Sociocultural ao funcionario D. José Ángel Hermida Fernández, con DNI 36.036.361-F e nº de persoal 13.853.*

*Para finalizar, propónse a percepción dun complemento de produtividade aos ditos funcionarios pola encomenda de funcións, previa acreditación da realización efectiva das funcións encomendadas, sen prexuízo das previsións dos Orzamentos municipais para o ano 2008.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. A vixente Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 30 de maio do 2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005, constitúe un instrumento xurídico-técnico cuxa finalidade primordial consiste na organización esencial dos postos de traballo aos que estarán adscritos os efectivos das Administracións Públicas. O artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) (publicación no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, establece que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:*

- Denominación dos postos de traballo.*
- Grupos de clasificación profesional.*
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.*
- Sistemas de provisión.*
- Retribucións complementarias.*

*Ditos instrumentos serán públicos.*

*Pola súa banda, o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública – vixente ao abeiro da Disposición Derogatoria Única, apartado b) do devandito EBEP- define á RPT como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración*

*dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.*

*II. A vixente RPT trae causa do cadro de persoal orzamentario ou “plantilla orzamentaria” aprobada polo Pleno do Concello en data 28 de febreiro do 2005 xuntamente cos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2005 (cuxo esquema orzamentario se atopa aínda vixente na data de hoxe debido á falta de aprobación de novos orzamentos, de xeito tal que estase nunha situación de prórroga).*

*A plantilla orzamentaria das Entidades Locais se define no artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, que establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, a plantilla, que deberá comprender a totalidade dos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. As plantillas deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia, e establecerse dacordo coa ordenación xeral da economía.*

*Como sinala a doutrina xurídica especializada, o cumprimento dos sinalados principios de racionalidade, economía e eficiencia debería efectuarse a través de estudos organizativos para determinar e repartir cargas de traballo, eliminar duplicidades funcionais, simplificar procesos operativos, detectar recursos humanos desaproveitados ou infrutilizados ou efectuar posibles reasignacións de efectivos (vid. Corral Villalba, J. e Cuenca Cervera, J. en “Réxime económico do persoal ao servizo das Administracións Públicas, Ed. Thomson Civitas, 2006); estudos que non se teñen feito recentemente neste Concello a excepción da adecuación retributiva de parte do persoal municipal aprobada pola Xunta de Goberno Local o 23/12/2005 e a cal tampouco contempla mecanismos similares aos anteditos.*

*Certo é que a plantilla pode ser modificada para o incremento ou redución de prazas mentres esté vixente o Orzamento da Entidade Local; así o establece o artigo 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e que preceptúa que as plantillas aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento, podendo ser ampliadas sempre que o incremento do gasto quede compensado mediante a redución de outras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables, ou ben cando o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obligatorio que resulten impostos por disposición legais.*

*A modificación das plantillas durante a vixencia do Orzamento requerirá dos trámites establecidos para a modificación daquel. Segundo o esquema de atribución competencial deseñado pola xa citada Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, implantadora do réxime xurídico dos municipios de grande poboación, corresponde ao Pleno do Concello a aprobación dos orzamentos e da plantilla de persoal (artigo 123.1.h).*

*III. A competencia para a aprobación das RPT ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.*



*Asemade, é a Xunta de Goberno Local quen ostenta a competencia para a xestión dos recursos humanos e do persoal existente nas entidades locais (artigo 127.1.g) sen que tal función –en canto ás decisións estruturais relativas á organización administrativa esencial- poda nin deba facerse recaer na Unidade de Persoal.*

*Nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación –como é o caso de Vigo- a estruturación da organización administrativa debe materializarse, por imperativo legal, a través do Regulamento orgánico, instrumento de natureza xurídica que, segundo dispón o artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, ten por obxecto esencial a determinación dos niveis esenciais da organización municipal, entendendo por tales as grandes áreas de goberno, os Coordinadores xerais-dependentes directamente dos membros da Xunta de Goberno Local con funcións de coordianción das distintas direccións xerais ou órganos similares integradas na mesma área de goberno, e da xestión do servizos comúns de éstas ou outras funcións análogas e as Direccións xerais ou órganos similares que culminen a organización administrativa, sen prexuízo das atribucións do Alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.*

*A competencia para a aprobación do dito Regulamento, segundo o citado precepto, está residencia no Pleno.*

*IV. A sinalada competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:*

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.*
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.*
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.*

*V. As referidas transformacións non parecen implicar alteración do cadro de persoal orzamentario aprobado polo Pleno do Concello en data 28/02/2005 (publicado no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, xunto coa RPT) xa que os postos de traballo citados teñen a condición de postos existentes na vixente RPT e contan coa correspondente dotación orzamentaria plenariamente aprobada relativa ás prazas existentes no Concello de Vigo, susceptibles de seren encadradas nos distintos postos de traballo contidos na RPT e que permite facer fonte ás retribucións básicas e complementarias asignadas a cada posto de traballo.*

*Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión do mesmos.*

VI. En canto á encomenda de funcións proposta a favor dos funcionarios sinalados na Instrucción do Servizo do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 20/09/2007 obrante no expediente administrativo, cómpre sinalar que a dita posibilidade atopa amparo legal no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

Nembargantes, estímase oportuno sinalar que no Concello de Vigo non se dispón na actualidade dunha Guía de Funcións para os postos de traballo encadrados nos grupos A e B de titulación, a diferenza do que sí sucede cos grupos C, D e E; en consecuencia, no documento que no seu momento elabore e aprobe deberán delimitarse qué funcións corresponden aos postos de traballo de xefaturas dos servizos ou unidades administrativas de Turismo e de Animación Sociocultural e Festas que, a pesares de non existir polo momento na plantilla de persoal orzamentario nin na RPT, se toman como referencia para encomendar funcións, así como, obviamente, as dos restantes postos de traballo incardinados nos grupos A e B.

A percepción dun complemento de produtividade pola encomenda que se propón vén avalada polo preceptuado no artigo 64 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, modificada por Lei 3/1995, do 10 de abril e Lei 13/2007, do 27 de xullo; no dito precepto categorízase legalmente a produtividade, que retribúe o especial rendemento, a actividade extraordinaria, ou o interese ou iniciativa coa que o funcionario desenvolva o seu traballo, epolas vixentes instrucións de plantilla anexas á RPT, nas cales se contempla que calquera outro criterio obxectivo para a asignación dun complemento de produtividade deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local. Asimesmo, deberase acreditar a efectiva realización das funcións ou tarefas encomendadas con correspondente informe do Concelleiro-delegado da Área. Todo o anterior sen prexuízo do preceptivo informe de fiscalización previa que emita a Intervención Xeral, sendo recomendable que nos futuros Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2008 se regularice adecuadamente a situación proposta.

VII. Vistas as consideracións e informe expostos, en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 07/08/2007, e previo o preceptivo informe de fiscalización que emita no seu caso a Intervención Xeral, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Acordar o cambio de adscripción do posto de traballo denominado “coordinador do Servizo de Benestar Social” (código 060) existente no Servizo 301-Benestar Social, readscribíndoo ao Servizo 332-Educación, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade

SEGUNDO.- Acordar o cambio de adscripción do posto de traballo denominado “técnico medio de educación” (código 045) existente no Servizo 332-Educación, readscribíndoo ao Servizo 015-Comercio e Turismo, cambiando asimesmo a denominación do mesmo pola de “técnico medio de admón. especial”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

TERCEIRO.- Acordar o cambio de adscripción dun posto de traballo denominado “técnico de xestión” (código 179) existente no Servizo 140-Intervención, readscribíndoo ao Servizo 329-Animación Sociocultural, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

*CUARTO.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de xefe do servizo de Educación e supervisión do Organismo Autónomo Municipal “Escola de Artes e Oficios” ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, deixando sen efecto a encomenda de funcións de dirección do dito organismo efectuada ao funcionario D. Jacinto Martín Barreras por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2006, así como aquelas outras que puidesen ter sido autorizadas na Área de Educación.*

*QUINTO.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións correspondentes á xefatura do Servizo de Turismo á funcionaria Dª Pilar Díaz de Bustamante, con DNI 33.214.076Y e nº de persoal 14568, e de funcións correspondentes á xefatura do Servizo de Animación Sociocultural ao funcionario D. José Ángel Hermida Fernández, con DNI 36.036.361-F e nº de persoal 13.853.*

*SEXTO.- Recoñecer un complemento de produtividade aos ditos funcionarios pola encomenda de funcións acordada, previa acreditación da realización efectiva das funcións encomendadas, sen prexuízo das previsións dos Orzamentos municipais para o ano 2008.*

*SÉPTIMO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.*

*OITAVO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Intervención Xeral, Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **28(1748).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL). EXPTE. 4799/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 4.09.07, conformado polo concelleiro de dito servizo, que di o seguinte:

*No marco dos programas de cooperación da Xunta de Galicia coas entidades locais (a través primeiro da Consellaría de Familia, Muller e Xuventude, logo da de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e*

actualmente da de Traballo), o Concello de Vigo ven accedendo ás correspondentes subvencións para a contratación de distintos traballadores que, primeiro baixo a denominación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local -AEDL- (dende o ano 1997 ata finais do ano 2000), posteriormente baixo a denominación de Técnicos Locais de Emprego -TLE- (do 2001 ata o 2005), e na actualidade novamente denominados AEDL, adscriben as súas actividades ao departamento municipal de Promoción Económica e Emprego (concretamente ao Servizo de asesoramento a emprendedores/as -SAE-), sempre ao abeiro das sucesivas ordes de subvención que ven establecendo dende aquela a administración pública competente. Na actualidade son cinco as/os axentes de emprego e desenvolvemento local que traballan no citado departamento.

Na Orde de 9 de agosto de 2007 pola que se convocan para o ano 2007 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG 162 de 22/08/07) a Consellería de Traballo establece as bases e requisitos para o acceso ás subvencións incluídas na citada disposición.

As labores deste axentes de emprego e desenvolvemento local centraranse, como ata o de agora, no eido da identificación de novas actividades económicas locais, prospección de recursos ociosos e no estímulo das oportunidades de creación de tecido empresarial, no ámbito local, entre promotores e posibles emprendedores/as, supoñendo o seu traballo unha parte importante das actividades do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) que o Concello de Vigo promove en coordinación coa Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Seguindo instrucións do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego, e debido ao volume de actividades que o Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) está a desenvolver, prestando asesoramento a persoas emprendedoras para a posta en marcha de iniciativas empresariais, dende a Concellaría de Promoción Económica e Emprego preténdese solicitar subvención para poder contratar a un total de 8 axentes de emprego e desenvolvemento local.

As diferentes disposicións legais que nos últimos tempos están a regular as contratacións de carácter temporal e a súa repercusión nas administracións públicas (nomeadamente a Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego e a Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia), presentan dúbidas con respecto á oportunidade e legalidade das relacións laborais temporais que se manteñen no tempo. Mesmo poden existir contradicións entre estas disposicións legais e a citada orde que regula estas subvencións. Así, a instrucción inicial de que esta solicitude de 8 AEDLs se distribúa como 5 prórrogas da contratación e tres novas contratacións, poidera ter difícil encaixe legal.

A duración dos contratos para os que se quere solicitar subvención sería dun ano. As características económicas destas contratacións serían as seguintes (segundo o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, para persoal Técnico e xestor, coa categoría de técnico medio), e tendo en conta que a subvención solicitada será igual para todo AEDL, independentemente do tempo que leve no Concello de Vigo:

|        | Salario mes | Prorratio<br>paga extra | Cotiza. SS<br>empresa | Custo total<br>estimado mes | Custo total<br>estimado ano | Subvención<br>Xunta<br>(80 %)* | Aportación<br>Concello<br>(20 %)* |
|--------|-------------|-------------------------|-----------------------|-----------------------------|-----------------------------|--------------------------------|-----------------------------------|
| 1 AEDL | 1.539,55    | 256,59                  | 576,56                | 2.372,70                    | 28.472,40                   | 22.777,92                      | 5.694,48                          |

|         |  |            |            |           |
|---------|--|------------|------------|-----------|
| 8 AEDLs |  | 227.779,20 | 182.223,36 | 45.555,84 |
|---------|--|------------|------------|-----------|

\* Orde do 9 de agosto de 2007, no artigo 4º.1: subvención máxima de 27.046 €.

*Por todo o exposto e en base á documentación que se inclúe no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*1.- Aprobar a memoria para o desenvolvemento de accións de axentes de emprego e desenvolvemento local, que se achega no expediente.*

*2.- Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención total de 182.223,36 euros para a contratación por un ano de oito axentes de emprego e desenvolvemento local, de acordo co establecido na Orde de 09/08/07. Dependendo do seu encaixe legal, poderanse realizar prórrogas dos contratos dos cinco AEDL que actualmente prestan os seus servizos no Concello de Vigo.*

*3.- Consignar, nos presupostos municipais do ano 2008, unha partida cunha contía mínima de 45.555,84 euros para o cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes de subvención pola cantidade solicitada.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **29(1749).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

Me.